

ORDENANZA MUNICIPAL
REGULADORA DO USO E
DISFRUTE DAS PRAIAS

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO E DISFRUTE DAS PRAIAS
DO CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA)****TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIONS XERAIS****ARTIGO 1.—OBXECTO**

1. É o obxecto da presente Ordenanza a regulación do correcto uso das praias do litoral do Concello de Bueu, conxugando o dereito que todos temos de disfrutar das mesmas, co deber que o Concello, no marco das súas competencias, ten de velar pola utilización racional das mesmas, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva; principios todos consagrados na nosa Constitución.
2. Asimesmo, o Concello de Bueu, a través desta Ordenanza, instrumento normativo máis próximo e accesible ao cidadan, pretende facer chegar a éste a diversa normativa estatal básica e autonómica atinente ao seu obxecto, desenvolvido no apartado anterior.
3. A presente Ordenanza rexirá no termo municipal de Bueu, no espazo que constitue o dominio marítimo terrestre definido no Título I da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, e que teña a consideración de praia.

ARTIGO 2.—DEFINICIONS

Aos efectos da presente Ordenanza e ao abeiro da normativa estatal básica, así como a de carácter autonómico de aplicación, se entende como:

- a) Praias: Zonas de depósito de materiais soltos, tales como areas, gravas e guijarros, incluíndo escarpes, bermas e dunas, que teñan ou non vexetación, formadas pola acción do mar ou o vento mariño, ou outras causas normais ou artificiais.
- b) Augas de baño: Aquelas de carácter marítimo nas que o baño estea expresamente autorizado ou, non estando prohibido, se practique habitualmente por un número importante de persoas.
- c) Zoa de baño: O lugar onde se atopan as augas de baño de carácter marítimo e os lugares aledaños que constitúen parte accesoria desta agua en relación aos seus usos turísticos recreativos.

En todo caso se entenderá como zona de baño aquela que diste 20 metros da praia e 50 metros da costa. En todo caso se entenderá como zona de baño aquela que se atope debidamente sinalada ao efecto.

Nos tramos de costa que non estean balizados como zona de baño entenderase que ésta ocupa unha franxa de mar a carón da costa duna anchura de 200 metros nas praias e 50 metros no resto da costa. (Art. 69.2 da Lei 22/1988, de 22 de Xullo, de Costas).

- d) Zona de Varada: Aquela destinada á estancia, embarque, desembarque e mantemento de embarcacións profesionais e de recreo, debidamente listadas.
- e) Tempada de baño: Período de tempo no que pode preverse unha afluencia importante de bañistas, tendo en conta os usos e costumes locais. A efectos da presente ordenanza, se considerará tempada de baño o período que anualmente regulase para cada praia e que xeralmente oscila entre mediados do mes de xuño e mediados do mes de setembro.
- f) Acampada: Instalación de tendas de campaña, parasois non diáfanos nos seus laterais ou de vehículos ou remolques habituais.
- g) Campamento: Acampada organizada dotada dos servizos establecidos pola normativa vixente.

ARTIGO 3.—AXENTES DA AUTORIDADE

Os axentes da autoridade poderán requerir verbalmente aos que infrinxan calquera das disposicións conidas na presente Ordenanza a fin de que de inmediato cesen a actividade prohibida ou fagan a obriga debida, sen perxuízo da incoación de expediente sancionador, cando proceda ou, no seu caso, se xire parte de denuncia á Administración competente.

TÍTULO I: NORMAS DE USO
CAPÍTULO I: NORMAS XERAIS

ARTIGO 4. – UTILIZACIÓN DAS PRAIAS

1. A utilización das praias será libre, pública e gratuita para os usos comúns e acordes coa natureza daquelas, tales como pasear, estar, bañarse, navegar, embarcar e desembarcar, varar, pescar e outros actos semellantes que non requiran obras nin instalacións de ningún tipo e que se fagan ao abeiro das leis, regulamentos, así como a presente Ordenanza.
2. As praias non serán de uso privado, sen perxuízo do establecido na Lei de Costas e o seu Regulamento sobre as reservas demaniais.
3. As instalacións que se permitan nas praias, ademais de cumprir co preceptuado no número 2 anterior, serán de libre acceso público, salvo que por razóns de policía, de economía ou outras de interese público, debidamente xustificadas, se autoricen outras modalidades de uso.
4. O paseo, a estancia e o baño pacífico na praia e o mar, teñen preferencia sobre calquera outro uso. Dita preferencia se entenderá supeditada á prestación obrigatoria de servizos municipais tales como limpeza, rasanteo, vixilancia e outros.

CAPÍTULO II: XOGOS E ACTIVIDADES

ARTIGO 5

1. En orden co artigo anterior, queda prohibido nas zonas e augas de baño e durante a temporada de verán, tanto na area da praia como na auga do mar, a realización de actividades, xogos ou exercizos que podan resultar molestos ao resto dos usuarios ou entrañen perigo.
2. Naquelas praias onde as súas dimensións o permitan, e se den as circunstancias apropiadas se poderán realizar as actividades prohibidas no punto anterior, sempre que se faga a unha distancia do resto dos usuarios tal, que se eviten as molestias e nunca a menos de 6 metros.
3. Exceptúanse da prohibición contida no número 1 do presente artigo aquelas manifestacións de carácter deportivo ou lúdico organizadas ou autorizadas polo Concello, sen perxuízo da necesidade de autorización por parte doutras Organizacións cando sexa perceptivo. As mesmas realizaránse en lugares debidamente sinalizados e balizados.
4. Asimíamo, quedan exceptuadas de prohibición, as actividades deportivas e lúdicas que os usuarios puidan realizar nas zonas que con carácter permanente ten dedicadas o Concello á práctica de diversos deportes, xogos infantís, etc., que estarán debidamente balizadas e serán visibles para o resto de usuarios.

ARTIGO 6. – APARATOS DE RADIO, CASSETES, DISCOS COMPACTOS, OU SIMILARES, INSTRUMENTOS MUSICAIS

Se prohíbe a utilización na praia de aparatos de radio, casetes, discos compactos, ou similares, instrumentos musicais ou calquera outros artefactos, de forma que emitan ruidos que produzan molestias aos demais usuarios según apreciación dos axentes da Autoridade ou do persoal de Salvamento. Non obstante, en circunstancias especiais, se poderán autorizar estas actividades sempre que non superen os límites mencionados a una distancia de 15 metros desde el foco emisor.

ARTIGO 7. – EMBARCACIONES, HIDROPEDAIS, MOTOS ACUÁTICAS

Prohíbese o baño e a estancia de bañistas na zona destinada para varada e tránsito de embarcacións, canais de acceso a portos e ao mar, e zonas restrinxidas polo persoal de Salvamento; así como hidropedais e motos acuáticas.

**ARTIGO 8.—PUBLICIDADE**

Queda prohibida a colocación de calquera tipo de rótulo na praia polos particulares, quedando dita atribución reservada para as Administracións Públicas con competencia e debendo realizarse, en todo caso, mediante modelos normalizados.

ARTIGO 9.—VEHÍCULOS

1. Se prohíbe o estacionamento e circulación non autorizada de vehículos pola praia, exceptuando os vehículos destinados á vixilancia, salvamento, servizos de mantemento e emerxencia.
2. Quenes vulneren esta prohibición deberán sacar de inmediato os vehículos do dominio público ocupado, a requirimento verbal dos Axentes da autoridade e/ou do persoal de Salvamento, sen perxuízo de xirar parte de denuncia á Administración competente en orden á instrución do oportuno expediente sancionador cando sexa procedente.
3. A prohibición do número anterior non será de aplicación a aqueles vehículos destinados á limpeza, mantemento e vixilancia das praias, servizos de urxencias, seguridade e eventos autorizados.
4. Quedan expresamente autorizadas para estacionar e circular pola praia os carritos de discapacitados, así como tamén a utilización na auga do mar e aqueles especialmente deseñados para tal fin, todo elo sen perxuízo das precaucións que deben adoptar os propios discapacitados e/ou persoas que lles asistan en orden á seguridade do resto de usuarios.
5. O Concello adoptará as medidas oportunas para facilitar ás persoas con discapacidade, a utilización das praias e as súas instalacións, en consoancia co establecido na normativa sobre accesibilidade.

ARTIGO 10.—CAMPAMENTOS E ACAMPADAS

1. Están prohibidos os campamentos e acampadas na praia.
2. Quen vulnere esta prohibición deberá desalojar de inmediato, a requirimento verbal dos Axentes da autoridade ou do Servizo de Salvamento, o dominio público ocupado, sen perxuízo de xirar parte de denuncia á Administración competente en orden á instrución do oportuno expediente sancionador cando sexa procedente.

ARTIGO 11.—NAVEGACIÓN DEPORTIVA E DE RECREO

1. Nas zonas exclusivas de baño estará prohibida a navegación deportiva e de recreo e a utilización de calquera tipo de embarcación ou artefactos flotantes, independentemente do medio de propulsión, exceptuando os de Salvamento.
2. Queda prohibida a práctica de actividades tales como surf, windsurfing, piragüismo, funboard ou similares dentro da zona de baño, independentemente do artefacto flotante coa que se leven á práctica. Para acceder ou saír das zonas autorizadas para a práctica de surf ou similares farase pola vertical da zona sinalizada a tal efecto e nunca pola zona de baño.
3. O lanzamento e varada das embarcacións e artefactos haberá de facerse nas zonas destinadas a tal efecto, a velocidade moi reducida (3 nudos como máximo).
4. Nos tramos de costa que non estean balizados ou sinalizados como zona exclusiva de baño, entenderase que ésta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros nas praias e de 50 metros, no resto da costa. Nestas zonas queda prohibida a navegación exceptuando os extremos das praias onde poderán aproximarse a terra as embarcacións a unha velocidade inferior a 3 nudos, debendo adoptarse as precaucións necesarias para evitar riscos da vida humana e navegación marítima.
5. Quen vulnere estas prohibicións deberán desalojar de inmediato, a requirimento verbal dos Axentes da Autoridade, o dominio público ocupado, sen perxuízo de que xiren parte de denuncia á Administración competente en orden á instrución de oportuno expediente sancionador cando sexa procedente.

**ARTIGO 12**

1. Nas zonas de baño e durante as tempadas de verán, prohíbese a pesca dende embarcación e a submarina. Na beira, prohíbese a pesca dende as 10.00 ata as 21.00 horas, ambas inclusive, en evitación dos danos que os aparellos utilizados poden causar ao resto dos usuarios.
2. Quen vulneren a prohibición anterior deberá cesar de inmediato a actividade prohibida, a requerimento verbal dos axentes da autoridade, sen perxuízo de que xiren parte de denuncia a á Administración competente en orden á instrución de oportuno expediente sancionador cando sexa procedente.
3. Exceptúanse da prohibición do número 1 anterior, as actividades organizadas ou autorizadas polo Concello, o que se fará en zonas debidamente balizadas ou sinalizadas.

ARTIGO 13.—OUTROS TIPOS DE PUBLICIDADE

1. Queda prohibida a publicidade nas praias a través de carteis ou por medios acústicos ou audiovisuais. No seu caso, os Axentes da Autoridade xiraran parte de denuncia á Administración competente para a instrución do oportuno expediente sancionador.
2. A prohibición anterior é aplicable calquera que sexa o emprazamento ou medio de difusión, incluso para a publicidade feita dende o aire.

CAPÍTULO III: NORMAS DE CARÁCTER HIXIÉNICO-SANITARIO**ARTIGO 14**

1. Os usuarios terán dereito de ser informados polo Concello da falta de aptitude para o baño das augas que non satisfagan os criterios de calidade mínima esixibles polas normas vixentes.
2. A tal fin, o Concello facilitará, a quen así o solicite, información actualizada as condicións hixiénico-sanitarias das zonas de baño.
3. No ámbito das súas competencias, e no exercizo do deber de adoptar as medidas necesarias para a protección da saúde, o Concello de Bueu:
 - a) Sinalizará o equipamento de servizos públicos e as posibles limitacións de uso que poidan existir, conforme ao establecido na normativa vixente.
 - b) Sinalizará a prohibición de baño, conforme ao establecido na normativa de aplicación, cando así veña establecida pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia ou órgano competente, mantendo a mesma ata tanto non se comunique a desaparición do risco sanitario por dita Consellería.
 - c) Adoptará as medidas necesarias para a clausura de zonas de baño, cando así veña acordada pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia ou órgano competente. Ditas medidas manteráanse ata tanto sexa comunicado o acordo de reapertura da zona de baño.
 - d) Dará a publicidade necesaria aos informes que elabore a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

ARTIGO 15

1. Queda prohibido o acceso de animais domésticos ás augas e zonas de baño, así como á praia e zonas sinaladas, a excepción do que resulte preciso para o desenvolvemento de actividades debidamente autorizadas pola autoridade sanitaria competente.
2. No caso de animais abandonados que deambulen pola praia, serán responsables dos mesmos seus propietarios ou condutores.
3. Queda autorizada na praia a presenza de cans guía en compañía da persoa a quen sirvan, sen perxuízo da responsabilidade do seu poseedor e/ou propietario nin das medidas que o mesmo deba adoptar para evitar molestias ou riscos para o resto de usuarios.



4. Quen vulneren a prohibición do número 1, o non cumbran coas condicións preceptuadas no número 3, anteriores, deberán abandonar de inmediato a praia co animal, a requerimento verbal do persoal de salvamento ou dos Axentes da autoridade, que xirarán parte de denuncia en orden á instrución do oportuno expediente sancionador.

ARTIGO 16

Queda prohibida a evacuación fisiolóxica no mar ou na praia.

ARTIGO 17

1. Queda prohibido lavarse na auga do mar utilizando xabron, champú ou calquera outro produto similar, os usuarios que desexen asearse poderán facelo nas duchas e lavapés que o Concello dispoña nas distintas praias do termo municipal.
2. Queda prohibido dar ás duchas, lavapés, aseos e mobiliario urbán en xeral, ubicados nas praias, un uso diferente ao que lle é propio; así, se sancionará conforme á presente Ordenanza, aos usuarios que den outro fin ás mesmas como xogar, limpar enseres de cociña, lavarse ou ducharse utilizando xabron, champú ou calquera produto deterxente, pintar, deteriorar, etc., sen perxuízo das responsabilidades doutra índole que poidan esixirse polos actos cometidos.
3. Quen vulnere estas prohibicións deberán cesar de inmediato a actividade prohibida, a requerimento verbal do persoal de salvamento e/ou dos Axentes da autoridade, sen perxuízo de que xiren parte de denuncia en orden á instrución do oportuno expediente sancionador.

ARTÍCULO 18.—RESIDUOS

1. Queda prohibido arroxar na praia ou na auga do mar calquer tipo de residuos como papeis, restos de comida, latas, botellas, restos de froitos secos, colillas, etc., así como deixar abandonadas na mesma mobles, carritos, papeis, caixas, embalaxes, etc.
2. Ditos vertidos haberán de realizarse nos contedores que ao efecto se atopan distribuídos pola area da praia.
3. Para o uso correcto de ditos contedores haberán de seguirse as seguintes normas:
 - a) Non se empregarán para o vertido de líquidos, escombros, madeiras, enseres, etc., así como tampouco para animais mortos.
 - b) Non se depositarán neles materiais en combustión.
 - c) O Lixo depositarase no interior do contedor, evitando o seu desbordamento e a acumulación de residuos ao seu redor, polo que, no caso de atoparse cheo, haberá de realizarse o depósito no contedor mais próximo.
 - d) Unha vez depositado o lixo haberá de pechase a tapa do contedor.
 - e) O lixo, antes de ser depositada no contedor, haberá de disporse nunha bolsa perfectamente pechada.
4. Prohíbese limpar na area da praia ou na auga do mar os enseres de cociñar ou os recipientes que serviran para portar alimentos ou outras materias orgánicas.
5. Non obstante o anterior, os pescadores poderán facer na praia as suas faenas de limpeza de artes e enseres así como de mantemento de embarcacións, debendo, inmediatamente despois de rematar ditas labores, depositar os residuos que se produzan nos contedores que o Concello habilita nas zonas de varada para uso exclusivo dos mesmos.
6. Quen vulnere estas prohibicións, a requerimento verbal dos Axentes da autoridade, deberán de retirar de inmediato os residuos e proceder ao seu depósito conforme se establece nesta ordenanza, sen perxuízo de xirar parte de denuncia en orden á instrución do oportuno expediente sancionador.

**ARTIGO 20. – LUME**

1. Queda prohibido facer lume directamente no chan da praia, area, pedras ou rocas.
2. Queda prohibido o uso de bombonas de gas e/ou líquidos inflamables nas praias, a excepción do combustible utilizado para proveer os motores das embarcacións nas zoas de varada, cuxa manipulación farase seguindo as máis estrictas normas de seguridade e baixo responsabilidade da persoa que a faga.

ARTIGO 21. – VENDA AMBULANTE

1. Prohíbese a venda ambulante na praia de calquera produto alimenticio en xeral e, en concreto bocadillos, bebidas, aperitivos, golosinas, sementes, etc.
2. Os axentes da autoridade poderán requisar a mercancía a aquelas persoas que realicen a venda prohibida no número anterior e, en todo caso, cesarán a actividade prohibida a requerimento dos mesmos, sen perxuízo de xirar parte de denuncia en orden á instrución do oportuno expediente sancionador.
3. Unha vez requisada a mercancía, ésta só poderá ser devolta ao infractor cando acredite documentalmente a súa propiedade e, no seu caso, unha vez satisfeita a sanción que lle viñera imposta.

CAPÍTULO IV: VIXIANCIA E SEGURIDADE**ARTIGO 22**

1. O Concello no exercizo das súas competencias disporá dun dispositivo de vixiancia e salvamento en praias durante a tempada de verán, valorando a ocupación e perigosidade, instalándose os postos de salvamento que se considere necesario polo Concello de Bueu en cada tempada de verán.
2. Nas praias nas que non existan postos de salvamento se disporá de carteis informativos co texto “praia non vixiada, en caso de emerxencia chamar ao 112”.
3. Os postos de vixiancia disporán de equipos de salvamento onde poder dar unha resposta ao rescate e asistencia de persoas xa sexa nas propias praias onde se ubiquen ou nas que non exista equipo de vixiancia.
4. Na zona de baño onde esté ubicado o posto de salvamento existirá un mástil no cal se colocará, por parte do servizo de vixiancia e salvamento en praias e durante o período e horario de baño, unha bandeira, que determinará as condicións de seguridade para o baño, atendendo as seguintes cores:
 - a) Verde: Bo para o baño.
 - b) Amarelo: Precaución para o baño. Non se autoriza o baño con colchonetas, manguitos nin flotadores. Recoméndase aos nenos menores de 12 anos que se bañen acompañados dun adulto.
 - c) Vermello: Perigo para o baño (prohibido bañarse).

No caso de que algún usuario procedera a bañarse coa existencia da bandeira vermella, será instado polos servizos de salvamento, se os houberse, a saír do mar. Se non acata a orde, será reclamada a presenza das forzas de seguridade, para que interveñan, e realicen as actuacións e dilixencias pertinentes para facer cumprir a prohibición do baño.

TÍTULO II: RÉXIME SANCIONADOR**ARTIGO 23**

1. Para a adecuada ordeación das relacións de convivencia de interese local e do uso dos seus servizos, equipamentos, infraestructuras, instalacións e espazos públicos se considera infracción conforme á presente ordenanza a vulneración de calquera das prohibicións ou prescricións contidas na mesma.

2. As infraccións clasifícanse en leves e graves.
3. Serán infraccións graves:
 - a) O vertido y depósito de materias que poidan producir contaminación ou risco de accidente.
 - b) A varada ou permanencia de calquera tipo de embarcación fora das zonas balizadas e destiñadas a tal fin.
 - c) O depósito nos contedores de lixo de materiais en combustión.
 - d) Navegar en zona de baño (embarcacións e artefactos flotantes).
 - e) A práctica da pesca en calquera das súas modalidades en lugar, época ou horario non autorizado.
 - f) A venda ambulante na praia de produtos alimenticios.
 - g) Facer lume na praia.
 - i) Usar bombonas de gas ou líquidos inflamables na praia.
 - j) A tenencia de animais potencialmente perigosos na praia
 - k) Deterioro de mobiliario na praia.
 - l) Proceder ao baño nas zonas de bandeira vermella.
 - m) Non acatar as instrucións do persoal de salvamento cando foran debidamente requeridos para elo.
 - n) A reincidencia en faltas leves antes do prazo establecido para su prescrición.
4. Serán infraccións leves:
 - a) A tenencia de animais na praia.
 - b) A venda ambulante na praia de produtos non alimenticios.
 - c) A realización de actividades como xogos de pelota, paletas ou exercizos nas zonas ou augas de baños que poidan provocar molestias aos usuarios.
 - d) O uso de aparatos sonoros ou instrumentos musicais cando polo seu volume de sonoridade causen molestias aos demais usuarios da praia.
 - e) O uso indebido da auga de duchas e lavapés.
 - f) Evacuación fisiolóxica no mar.
 - g) Causar molestias a outros usuarios.
 - h) Toda aquela infracción que non estea tipificada na presente ordenanza como grave.

ARTIGO 24

1. As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 750 euros.
2. As infraccións graves serán sancionadas con multa de ata 1.500 euros.
3. Para a determinación de la cuantía das sancios terase en conta os seguintes criterios:
 - a) A reincidencia do responsable en calquera das infraccións tipificadas nesta Ordenanza.
 - b) A maior ou menor perturbación causada pola infracción no medio ambiente e/ou nos usuarios.
 - c) A intencionalidade do autor.

ARTIGO 25

1. Serán responsables das infraccións tipificadas na presente Ordenanza as persoas físicas e/ou xurídicas que as cometan.
2. A responsabilidade esixible o será non só polos actos ou omisións propios, senon polos daquelas persoas, animais ou bens polos que civilmente se debe responder conforme ao dereito común.
3. As responsabilidades administrativas que se deriven do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ao seu



estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perxuízos causados que poderán ser determinados polo órgano competente, debendo, neste caso, comunicarse ao infractor para a súa satisfacción no prazo que ao efecto se determine, e quedando, de non facerse así, expedita a vía xudicial correspondente.

ARTIGO 26

1. As denuncias serán formuladas polos Axentes da autoridade ou polos particulares, e tramitadas ao abeiro da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e do Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora, aprobado polo Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, así como das demais disposicións legais que le resulten de aplicación.
2. Compete a resolución dos expedientes sancionadores que se incoen ao abeiro da presente Ordenanza ao Alcalde-Presidente ou persona en quen delegue.

ARTIGO 27

A presente Ordenanza entrará en vigor conforme ao previsto no art. 70.2 da Lei 7/1985.

O acordo de aprobación desta Ordenanza esgota a vía administrativa y contra o mesmo se podrá interponer recurso contencioso-administrativo, no prazo de 2 meses contados a partir da publicación do anuncio en el BOP, sen perxuízo da interposición de calquer outro recurso que se estime pertinente.

Bueu, a 23 de Agosto de 2012.—O Alcalde-Presidente, Félix Juncal Novas.

2012008189

* * *

A ESTRADA**ANUNCIO DE LICITACIÓN PARA CONTRATACIÓN DE OBRAS DE PROXECTO PRAZA DE ABASTOS****1º.—ENTIDADE ADXUDICADORA**

a).—Organismo: Concello de A Estrada

2º.—OBXECTO DO CONTRATO

- a).—Obxecto: obras de Proxecto Praza de Abastos
- b).—Lugares de execución: Termo Municipal de A Estrada
- c).—Duración: 12 meses

3º.—TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

- a).—Tramitación: Ordinaria.
- b).—Procedemento: Aberto

4º.—ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA

O valor estimado do contrato, de conformidade co previsto no artigo 88 do TRLCSP, e que non inclúe o IVE, é de 1.115.454,89 euros.

O tipo de licitación, que si inclúe o IVE, é de 1.349.700,42 euros (1.115.454,89, máis o 21 % de IVE, que son 234.245,53 euros).

Este contrato tramitarase como compromiso de gasto de carácter plurianual, a desenvolver nos exercicios 2012 e 2013. No presente ano executarase a cantidade de 654.700,42 €, e no ano 2013, 695.000